

DECRETO DA ALCALDÍA

Dentro do programa de Actividades Culturais que o concello ten previsto realiza no presente ano de 2012, o Concello pretende levar a cabo tres concursos: Concurso de Debuxo, Concurso de Fotografía e Concurso de Postres. o desenvolvemento destas actividades e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO: APROBAR AS SEGUINTE BASES:

BASES DO I CONCURSO DE DEBUXO 2012 TEMÁTICA: O RECUNCHO FAVORITO DO TEU POBO

1. O concurso terá como tema “O RINCÓN FAVORITO DO TEU POBO”.
2. Os participantes deberán realizar un debuxo relacionado co sitio onde mais cómodos estean, onde mais se divirtan, o que lle traía mais recordos, en definitiva, o seu sitio favorito.
3. O debuxo presentarase nun papel ou cartulina tamaño A-4 (folio).
4. No reverso da cartulina deberán figurar: O pobo o que está a debuxar, o nome e apelidos, idade, dirección do neno. Estes datos non serán utilizados para ningún fin alleo o concurso. No momento do concurso, o debuxo presentado a organización poralle un número identificador, que será o que miren os xuíces.
5. Os participantes deberán ter idades comprendidas entre os 6 e os 13 anos.
6. So se admitirá un debuxo por neno.
7. Os debuxos se presentarán nas oficinas do Concello de Covelo, na biblioteca municipal ou na oficina de turismo, dende o prazo de inscrición será a partir do día 6 de Xullo e rematará o 20 de Xullo do 2012 as 14:00 h.
8. A composición do xurado será a seguinte:
 - Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Covelo ou a persoa en que delegue.
 - Concelleira de Cultura.
 - Representante das Mulleres Rurais.
 - Representante da Comunidade de Montes de Covelo.Neste xurado todos contarán con voz e voto.
9. Estableceranse dúas categorías, por rango de idade:
 - Nenos de 6 a 9 anos.
 - Nenos de 10 a 13 anos.Os premios para as dúas categorías consistirá en material de debuxo e escolar e un diploma.
10. O día do concurso será o Domingo 22 de Xullo do 2012 as 20:00 h., na praza Mestre Cerviño de Covelo, onde se exporán os debuxos presentados, coincidindo con outros concursos. A entrega do premio outorgarase, so se está presente o neno.
11. Todos os participantes presentes serán agasallados cunha bolsa de chucherías.
12. O Concello de Covelo gardase o dereito de quedarse e utilizar o debuxos para calquera fin cultural ou turístico.
13. A participación neste concurso implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases.

BASES DO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA 2012 TEMÁTICA: AS NOSAS HORTAS

1. O presente concurso ten como obxectivo a difusión cultural da importancia, e o estilo das nosas hortas.

2. A temática das fotografías a presentar será: “as hortas” do noso concello, das labores tradicionais, da xente traballando na mesma, regándoa ou recolléndoa, sendo libre a elección da mesma, sempre que o fondo da temática sexa a horta.
3. Presentación das fotografías: fotos a cor ou en branco e negro, brillo ou mate, con tamaño mínimo de 15 x 20 centímetros. Non se aceptarán fotografías que haxan sido manipuladas por ordenador.
4. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.
5. O prazo de admisión dos traballos abrirase o 6 de xullo e pecharase o 20 do mesmo mes, do ano 2012 as 14:00 h. Os traballos presentaranse de luns a venres, nas oficinas do Concello de Covelo, na biblioteca municipal o una oficina de turismo.
6. As obras serán presentadas sen firma do autor e baixo un lema, que aparecerá escrito no respaldo da fotografía. Irán acompañadas dun sobre cerrado, e no exterior de este figurará o mesmo lema que o das fotografías. No interior do sobre depositarase una nota, escrita a máquina, co nome o apelidos do autor, residencia, domicilio, número de teléfono e fotocopia do D.N.I.
7. A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poidan sufrir as obras presentadas a o Concurso.
8. Os gastos de envío e devolución das obras serán por conta dos concursantes, sea entrega a fixeran por correo.
9. A composición do xurado será a seguinte:
 - Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Covelo ou a persoa en quen delegue.
 - Concelleira de Cultura.
 - Representante das Mulleres Rurais.
 - Representante da Comunidade de Montes de Covelo.Neste xurado todos contarán con voz e voto.
10. O xurado considerará, prioritariamente a creatividade, o vigor do mensaxe gráfico, a idoneidade do traballo e a sintonía co espírito do noso medio rural. Así mesmo, reservase o dereito de declarar deserto algún dos premios.
11. O fallo do xurado será inapelable, e levarase a cabo o día 22 de Xullo as 20:00 h. en conxunto con outros concurso que se celebrarán o mesmo día, onde se terán expostas as obras presentadas.
12. Establécense dúas categorías:
 - 1ª categoría: de 18 anos en diante cun premio de 100€ e un diploma.
 - 2ª categoría: de 13 a 17 anos, cun premio de 50€ e un diploma.Os premios faranse efectivos no momento do fallo do xurado.
13. Os gañadores do premios correspondentes outorgan o Concello de Covelo da propiedade das obras. O mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Covelo adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes a obra premiada e poderán libremente e sen pago de mais prezo, proceder a reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible o intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.
14. Con as obras gañadoras e as presentadas, o Concello de Covelo reservase o dereito de organizar outras exposicións públicas en espazos e fechas a determinar. En este suposto, as fotografías seleccionadas poderán ser retiradas nun prazo de trinta días hábiles seguintes a clausura das últimas exposicións. Os autores das obras exhibidas que non obtiveran premio, no terán dereito a contraprestación económica algunha, aínda que na exhibición se indicará a autoría e poderán solicitar que se emita un certificado de que a obra ha participado en dita exposición.

15. As fotografías (copias en papel) pasarán a formar parte dos arquivos do Concello de Covelo. O uso destas copias será exclusivamente para a promoción turística ou cultural do municipio.
16. A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade cas decisións do xurado.

BASES DO I CONCURSO DE POSTRES 2012
TEMÁTICA: POSTRES QUE CONTEÑAN MAZÁS, COMO
OS PAPANDUSOS (MAZÁS ASADAS)

1. Poderán presentarse a o concurso, todas as persoas interesadas, facendo a preinscrición nas oficinas de Concello de Covelo, na biblioteca pública ou na oficina de turismo de dito pobo.
2. Os postres presentados o concurso deberán ser mazás asadas (papandusos) ou calquera postre que conteña mazás, como ingrediente principal, xa que por sorte neste concello temos gran cantidade e variedade de esa froita. A forma en que se presente este ingrediente, (fresco, seco, confitado, etc) será de libre elección polos participantes.
3. So se admitirá un postre por inscrición.
4. Cada participante recibirá un sobre e un número para a súa identificación o día do concurso.
5. Os participantes, deberán presentar os seus postres o Domingo, 22 de Xullo do 2012, as 20:00 h. na praza Mestre Cerviño do Concello de Covelo, onde se lles entregará un número identificador, un para o concursante e outro para o postre. Nese mesmo día, farase a entrega dos premios.
6. A composición do xurado será a seguinte:
 - Ilmo. Sr. Alcalde do Concello de Covelo ou a persoa en quen delegue.
 - Concelleira de Cultura.
 - Representante das Mulleres Rurais.
 - Representante da Comunidade de Montes de Covelo.Neste xurado todos contarán con voz e voto.
7. O xurado valorará os postres, cun máximo de 20 puntos:
 - a- Sabor (de 1 a 8 puntos)
 - b- Presentación (de 1 a 6 puntos)
 - c- Orixinalidade (de 1 a 3 puntos)
 - d- Dificultade (de 1 a 3 puntos)
8. Establécense dous premios
Premio a o sabor: 100€ mais un diploma.
Premio a presentación mais orixinal: 100€ mais un diploma.
9. O Concello de Covelo, gardase o dereito de utilizar as fotos que de este concurso se deriven para uso exclusivo de promocións turísticas ou culturais.
10. A participación en este Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade cas decisións do xurado.

O mando e asino,. en Covelo, a 4 de xullo de 2012

O ALCALDE

Ante min, A SECRETARIA